

RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE PROGRAMADO SUP-1 ROMERO DONALLO, SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO ÁMBITO DOS QUINTEIROS 1 e 2

Promotor: SANTIAGO SUR GALICIA, S.L.
Órgano substantivo: Concello de Santiago de Compostela
Expediente: 2021AAE2598

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O concello de Santiago dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 01.09.2008 (DOG num. 185 do 24.09.2008). Este PXOM non foi obxecto de avaliación ambiental estratéxica, xa que o 02.07.2007 a anterior Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible declarou a inviabilidade de sometelo a dito procedemento.
2. O Plan Parcial do Solo Urbanizable Programado número 1 (SUP-1) Romero Donallo foi aprobado definitivamente o 25.04.1997, sendo no ano 2006 aprobada a súa adaptación á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). Este desenvolvemento foi incorporado no PXOM como área de planeamento remitido.
3. O 30.07.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Santiago de Compostela no que solicitaba iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do Plan parcial do solo urbanizable programado número 1 (SUP-1) Romero Donallo, no ámbito dos cuarteiróns 1 e 2".
4. O día 02.08.2021 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos a través do portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas para que, no prazo de 30 días hábiles, formularan as observacións e suxestións que considerasen oportunas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. O planeamento de desenvolvemento urbanístico debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG). Asemade, a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).
3. A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que o órgano ambiental, antes de emitir o informe ambiental estratéxico, consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).



A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Ámbito de actuación e principais características ambientais

Ámbito de actuación: quinteiros 1 e 2 contiguos do ámbito de solo urbanizable programado SUP-1 de Santiago, cunha superficie de 4.262,05 m². A modificación do plan tamén afecta indirectamente ao quintero 6, que se localiza no noroeste.



Ordenación do SUP-1 e detalle dos quinteiros 1 e 2

Características ambientais da área probablemente afectada:

O SUP-1 sitúase no bordo oeste do ensanche da cidade de Santiago, onde conflúe a zona urbana colmatada dende hai décadas con sectores que levan anos en expectativa de ser urbanizados, dando lugar a un remate urbano indefinido. Na contorna próxima ao ámbito predominan edificacións de gran altura (B+8) illadas ou en cuarteiróns pechados, especialmente na avenida Romero Donallo, a rúa do Escultor Camilo Otero e a avenida de Vilagarcía.

En conxunto, os quinteiros 1 e 2 constitúen un ámbito de forma triangular, delimitado entre a avenida de Romero Donallo, o viario de nova creación previsto no SUP-1, denominado S.V. 5 no proxecto de compensación, e a parcela denominada S.V. 4 paralela á vía SC-20 (que neste tramo se denomina Avenida de Antón Fraguas). O quintero 6 sitúase ao norte da avenida de Ferrol e, polo tanto, non ten relación de continuidade con estes quinteiros.

Segundo a documentación, as redes de abastecemento, saneamento e pluviais transcorren pola zona sur do ámbito, lindando coa parcela S.V.4.

A topografía das parcelas descende en dirección leste - oeste, habendo unha diferenza de cota importante coa SC-20. Actualmente, os terreos non contan con ningunha edificación, e



presentan unha cobertura de vexetación herbácea e de matogueiras, aparecendo ao sueste algunhas masas de salgueiros.

Á beira oposta da SC-20 sitúase a lagoa de Cornes, que constituía ata fins dos anos 80 do pasado século un área agrícola tradicional de pasteiros húmidos que recollía as augas da valgada de Cornes, que conflúen no río Sar. O aspecto da actual lagoa ten unha orixe antrópica, relacionada coas operacións de desdobre da vía férrea próxima. No entanto, este espazo conta con certo interese ambiental e paisaxístico dentro da contorna periurbana na que se insire. Ademais, ao norte do ámbito do plan parcial emprázase o núcleo tradicional de Cornes, no que predominan as vivendas unifamiliares con alturas de B+1 ou B+2.

A traza do Camiño de Santiago Portugués, aprobada definitivamente no ano 2013, atravesa o SUP-1 por Cornes e o quinteiro 6 fica dentro do seu territorio histórico¹.



Vista do sector dende a rúa Antón Fraguas (SC-20)

Na actualidade, a estrada SC-20 exerce un efecto barreira entre os barrios situados ao norte desta infraestrutura -como Conxo e o propio ensanche- respecto dos situados ao sur, como Pontepedriña ou as zonas verdes das beiras do río Sar. A rúa Escultor Camilo Otero, que transcorre baixo dita vía en dirección norte-sur, resolve en certa medida a conectividade entre o barrio de Conxo e a zona sur da cidade. Contrariamente, o estado de abandono do ámbito SUP-1 dificulta o tránsito peonil dende o centro de Santiago cara as áreas de espaxemento periurbanas.

2. Características da modificación puntual

Obxecto: Posibilitar o desenvolvemento conxunto dos quinteiros 1 e 2 do SUP-1, en atención ao cambio producido no réxime de propiedade, e eliminar o condicionante de “proxecto conxunto” e desenvolvemento unitario dos quinteiros non contiguos 1 e 6.

Descrición da proposta: Fronte a alternativa “1” que asume as condicións de desenvolvemento establecidas no Plan Parcial para esta zona, a alternativa seleccionada (2) mantén a superficie edificable e a ocupación máxima permitida, pero prevé as seguintes modificacións na normativa do plan:

- Incorporar a posibilidade de realizar estudo de detalle conxunto e posterior execución dos quinteiros 1 e 2 (os límites aplicables de superficie edificable e ocupación máxima serán os que resulten de sumar os permitidos en cada quinteiro).

¹ Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.



Engade un novo parágrafo, ao final das ordenanzas dos quinteiros 1 e 2, que regula esta posibilidade.

- Homoxeneizar a regulación dos usos autorizables nos dous quinteiros (1 e 2). Remite a regulación dos usos autorizables no quinteiro 1 á que establece o plan vixente para o quinteiro 2.
- Eliminar o condicionante de proxecto conxunto e desenvolvemento unitario dos quinteiros 1 e 6, así como establecer determinacións máis específicas de deseño e composición dos edificios. Suprime os apartados 5 (Condicións de proxecto) e 6 (Obxectivos de deseño urbano) da ordenanza 5.1 (quinteiro 1).

3. Período de consultas previas

Previamente á elaboración deste informe ambiental estratéxico consultouse ao Instituto de Estudos do Territorio. Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental.

Resúmense a continuación as observacións trasladadas polo Instituto de Estudos do Territorio:

Non se agardan impactos paisaxísticos significativos, e mesmo a posibilidade de variar o reparto da edificabilidade entre os dous cuarteiróns podería dar lugar a opcións de maior calidade arquitectónica e integración paisaxística.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008, a modificación do plan parcial deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado. Por tratarse da modificación dun plan parcial no que se varía a ordenación dun novo desenvolvemento, de acordo co artigo 36.1 do Regulamento da Lei 7/2008 deberá incorporar un estudo da paisaxe urbana, elaborado de acordo co que sinalan os restantes puntos do citado artigo 36.

Para a definición das condicións de pavimentación exterior, sinalización, etc., recoméndase consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos (dispoñible na páxina web desta consellería).

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación puntual do Plan parcial SUP-1 de Santiago preténdese levar a cabo algunhas modificacións normativas para facilitar o desenvolvemento dos quinteiros 1, 2 e 6.

A proposta afecta a un ámbito de reducida extensión (4.26 ha) e non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Non inflúe noutros plans ou programas de carácter ambiental.

Non se prevén efectos sobre a ocupación do solo, posto que a modificación non incrementa a superficie edificable nin a ocupación máxima permitida polo plan parcial vixente nos quinteiros afectados.

Coa aprobación desta modificación preténdese facilitar o desenvolvemento do ámbito, o cal probablemente terá unha afección positiva na paisaxe, favorecendo a súa integración na trama urbana e a mellora da calidade escénica deste sector céntrico da cidade de Santiago.



A urbanización do ámbito de actuación pode constituír unha oportunidade para mellorar a mobilidade peonil e a conexión entre o ensanche compostelán e a zona de espaxamento vinculada ao río Sar, polo que se deberá considerar este factor como determinante na ordenación que e propoña.

Tanto o plan parcial coma o PXOM recollen a rede xeral de abastecemento, saneamento e pluviais que daría servizo ao SUP-1. Non se prevé un incremento na demanda de auga para abastecemento nin, en consecuencia, dos caudais de augas residuais xerados.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos como consecuencia da modificación do plan parcial.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación Puntual do Plan parcial do solo urbanizable número 1 (SUP-1) Romero Donallo, no ámbito dos cuarteiróns 1 e 2", no concello de Santiago.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a "Modificación Puntual do Plan parcial do solo urbanizable número 1 (SUP-1) Romero Donallo, no ámbito dos cuarteiróns 1 e 2", no concello de Santiago, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello de Santiago xunto con copia dos escritos recibidos na fase de consultas previas.

Segundo o disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

